

Caitlin Moran

Como ser famosa



**rinoceronte**



*Para Georgia, que non só é a mellor axente  
e a mellor amiga do mundo, senón tamén  
a mellor fonte. Fomos moi valentes.*



## NOTA DA AUTORA

Esta é unha obra de ficción. De cando en cando aparecen músicos e lugares reais, pero todo o demais, os personaxes, o que fan e o que din, é produto da miña imaxinación. Igual que Johanna, proveño dunha familia numerosa, medrei nunha vivenda de protección oficial en Wolverhampton e comecei a miña carreira como xornalista musical sendo adolescente. Mais eu non son Johanna. A súa familia, os seus colegas, a xente que coñece e as súas experiencias non son a miña familia, os meus colegas, a xente que eu coñecín nin as miñas experiencias. Esta é unha novela e todo é ficticio.

Hai dispoñible unha lista de reprodución para acompañar a novela en [www.caitlinmoran.co.uk](http://www.caitlinmoran.co.uk)



## PRIMEIRA PARTE





Aos once anos renunciéi oficialmente ao soño da miña familia.

Dende os meus recordos máis temperáns, o soño familiar era ben sinxelo: algún día conseguiríamos cartos en algures (coa lotaría, grazas ao achado dun cáliz medieval nun mercado de segunda man ou, o menos probable, gañaríamos ese diñeiro) e marcharíamos de Wolverhampton.

“Cando caia a bomba atómica, mellor será que nos pille do outro lado”, adoitaba dicir papá ao final da nosa rúa, sinalando máis alá das pradarias de Shropshire cara ás afastadas Black Mountains. Vivíamos practicamente no campo.

“Se lanzan un mísil nuclear contra Birmingham, a chuvia radioactiva non chegaría a Gales... esas montañas son coma un muro”, engadía asentindo coa cabeza. “Alí estaremos a salvo. Se montamos na furgoneta e liscamos a toda hostia, cruzamos a fronteira en dúas horas.”

Estabamos a mediados dos anos oitenta, cando se sabía a ciencia certa que, máis tarde ou máis cedo, os rusos ían iniciar unha guerra nuclear contra os West Midlands —a ameaza era tan visceral que mesmo Sting escribira unha canción ao respecto, para advertirnos de que, en liñas xerais, a cousa pintaba mal—, polo que estabamos totalmente mentalizados.

Así que preparabamos os nosos plans de fuxida. A casa dos nosos soños era un escondedoiro de supervivencialistas, con subministración de auga propia: un manancial ou un pozo. Precisariamos terreo dabondo para ser autosuficientes (“Construiremos uns invernadoiros para a froita”, dicía papá) e teríamos un soto cheo de cereais, e tamén armas (“Para dispararlles aos saqueadores cando aparezan. Ou para suicidarnos”, engadía igual de alegre, “se a cousa se pon fea.”).

Falabamos tanto da casa dos nosos soños que todos dabamos por feito que era real. Mantiñamos apaixonadas discusións durante horas sobre se era mellor ter cabras ou vacas (“Cabras. As vacas son unhas melindrosas de carallo”) e sobre posibles nomes para a propiedade. A miña nai, que quedara babeca con tanto embarazo, era partidaria dunha opción abominable: “A casa feliz”. O meu pai non quería poñerlle nome (“Non quero que ningún cabrón nos poida atopar na guía telefónica. Cando chegue a Apocalipse, tampouco é que vos vaia ter moita gana de leria”).

Eramos pobres –algo normal; toda a xente que coñeciamos era pobre–, así que argallabamos agasallos de Nadal os uns para os outros, e aquel Nadal (o Nadal de 1986), eu fixera un debuxo da Casa Supervivencialista dos Soños para regalárllelo aos meus pais.

Como simplemente se trataba dun debuxo, non escatimara en nada: había unha piscina no xardín e unha horta de árbores froiteiras na parte de atrás. O salón estaba pintado igual ca a cola dun pavo real, todos os nenos tiñamos un cuarto de noso, e o de Krissi contaba cun tobogán que saía pola ventá, directo ao seu propio parque de atraccións. Aquela casa era unha pasada.

Os meus pais ollaron o debuxo cos ollos humedecidos.

–É precioso, Johanna! –dixo a miña nai.

–Debeuche levar unha eternidade! –exclamou o meu pai, abraiado.

Levárame, si. O tellado estaba cuberto de fadas. Dedicara horas a debuxar as súas ás. Ata lles fixera veas. As ás, razoara, deben ter veas. Precisan un sistema vascular.

Entón a miña nai volveu observar o debuxo.

–E onde está o teu cuarto, Johanna? –preguntou–. Esquecícheste de debuxalo?

–Non, non –dixen, mentres almorzaba a miña tortaleta de froitas. A masa estaba dura; a miña nai non era unha chef moi talentosa. Menos mal que lle puxera enriba unha tallada de

queixo Cheddar, por se acaso—. Eu non vou vivir aí. Eu marcharei vivir a Londres.

A miña nai botouse a chorar. Krissi encolleuse de ombreiros: “Máis sitio para min”. O meu pai soltoume un sermón. “A vida na cidade é unha morte segura!”, dixo nalgún punto. “Se non te matan os rusos, será o IRA. A civilización é unha trampa que te deixará de volta para fóra!”

Pero a min tanto me tiña que os rusos, ou o IRA, lanzasen unha bomba. Xa podían lanzar mil millóns delas, que eu seguiría sen querer vivir na ladeira dunha montaña, rodeada de cabras e chuvia. Aínda que fose radioactiva, estivese chea de mutantes e conducise a unha morte segura, a cidade de Londres continuaba sendo o sitio ideal para min. En Londres era onde sucedían as cousas, e eu devecía —coa maior das urxencias— por que me sucedesen a min.

Así que, con dezanove anos, aquí estou en Londres... e resulta que si que é o sitio ideal para min. Estaba no certo. Estaba no certo ao pensar que tiña que vir para aquí.

Mudeime hai un ano, a un piso en Camden, para iniciar a miña carreira como xornalista musical. Trouxen tres bolsas para o lixo cheas de roupa, unha televisión, un portátil, unha cadela, un cinseiro, un chisqueiro con forma de pistola e un sombreiro de copa. Esa era a suma total das miñas pertenzas. Non precisaba nada máis.

Londres proporciona o resto, mesmo cousas coas que endexamais soñarías. Por exemplo, estou tan preto do zoo de Regent’s Park que, polas noites, podo oír os leóns fodendo. Roxen coma se quixesen que toda a cidade soubese o sexuais que son. Coñezo esa sensación. Eu tamén quero que toda a cidade saiba o sexual que son. Véxoos como outro dos *bonus* de Londres: leóns cacheiros *en suite*. Wolverhampton xamais che ofrecería algo semellante. Malia que hai un inconveniente: os leóns cacheiros vólvenme tola a cadela. Ladra ata que pido unha pizza Meat Feast e

lle dou a ela as albóndegas mentres eu como os bordos e mais o queixo. Formamos un bo equipo. É a miña colega.

Se imaxino que a cadela é un cabalo (cousa fácil, posto que é ben grande), a grandes trazos levo unha vida que se podería describir como “a de Pippi Mediaslongas, pero con whisky e música rock”. Vivir nunha cidade aos dezanove, coa única compañía dunha cadela, significa dedicarse a actividades de adultos, pero co ollar dunha cativa.

Pasei tres días pintando o meu piso de azul eléctrico, porque iso mesmo facía David Bowie en *Sound & Vision*, e non hai persoa mellor da que recibir consellos de decoración de interiores ca David Bowie.

Logo intentei pintar nubes brancas na parede –para face-la *celestial*–, pero é sorprendentemente difícil debuxar nubes cunha brocha enorme e unha pouca pintura emulsionada branca. As nubes semellan globos de diálogo baleiros; as paredes parecen cheas de espazos onde se deberían dicir cousas, pero aínda non sei o que. É o que pasa cando tes dezanove anos. Aínda non sabes cales son os teus discursos memorables. Aínda non os pronunciaches.

Cando teño cartos, encargo espaguetes á boloñesa para almorzar, todos os días, porque é unha das comidas máis larpeiras que existen, e os nenos mercan larpeiradas. Cando non teño cartos, sobrevivo a base de patacas ao forno... porque tamén son unha larpeirada.

Érgome ao mediodía e ando por aí ata as tres da madrugada, e logo, ao chegar á casa, doume un baño, porque podo. Non esperto a ninguén. Todos e cada un deses baños fanme feliz. Marchas da casa só para poder bañarte no medio da noite. Niso consiste a verdadeira independencia.

Córtanme o teléfono a miúdo porque me esquezo de pagar as facturas... veñen con demasiada frecuencia! Quen abre as cartas no mesmo mes en que as recibe? Só os prosmas... Cando me cortan o teléfono, chámanme ao pub do barrio, o

Good Mixer, e déixanme alí o recado. O dono quéixaseme a miúdo.

–Oe, non son o teu condenado secretario –dime mentres me entrega unha morea de notas adhesivas de cores cando entro, coa cadela, para tomar unha pinta.

–Seino, Keith. Seino. Déixasme usar o teléfono? –respóndolle–. Só teño que devolver as chamadas máis urxentes. Queren que vaia entrevistar os Beastie Boys a Madrid!

E Keith pásame o teléfono dende detrás da barra cun suspiro, pois é o que debe facer unha persoa responsable cando unha adolescente que vive soa precisa facer unha chamada. Hai que coidar sempre dos máis cativos!

Deixo toda a roupa sucia no chan, porque, quen vai gastar os cartos nun cesto para a coada cando os pode gastar en polo asado e tabaco?

Unha vez ao mes, cando xa chegou toda a roupa ao chan, métoa na mochila e lévoa á lavandaría. Un dos de Blur vai á mesma lavandaría ca min. Está guai iso de utilizar a mesma lavandaría ca unha estrela do pop. Saudámonos coa cabeza, en silencio, e logo lemos a prensa musical e saímos a botar un cigarro de cando en cando. Nunha ocasión vino ler unha crítica negativa de Blur mentres lavaba a roupa interior. Endexamais vira a ninguén pasar uns calzóns da lavadora á secadora con tanta tristura. Aínda é complicado combinar a túa faceta de persoeiro público coas tarefas domésticas do día a día. Hai unha disxunción tremenda. Grace Kelly nunca tivo que desatoar o filtro da secadora mentres Pauline Kael a insultaba a berros nunha recensión.

E todo isto faime comprender que Londres non é só o sitio onde vives: Londres é un xogo, unha máquina, unha lupa, o crisol dun alquimista. Gran Bretaña é unha mesa inclinada de xeito que todas as moedas rodan cara a Londres, e nós somos esas moedas. Eu son esa moeda. Londres é unha máquina comecartos, e ti es a moeda que metes coa esperanza de que saia todo cereixas ou todo campás.

Un non vive en Londres. Un xoga en Londres, e xoga para gañar. Por iso estamos todos aquí. É unha cidade chea de concursantes, todos na procura dun dos millóns de premios posibles: riqueza, amor, sona. Inspiración.

Teño as páxinas do plano da cidade pegadas na parede, para así poder contemplar a totalidade de Londres e tentar memorizar cada rueiro, cada canella e cada camiño. E cando retrocedo catro pasos da parede –ata observalo apertada contra a cómoda–, ao que máis se me asemella esa rede de rúas é á placa base dun ordenador. A xente é a electricidade que avanza a saltos por ela... e é aí onde nos encontramos, onde chocamos, onde xorden as ideas, onde se solucionan os problemas, onde se crean as cousas. Onde todo estoupa. Eu, o guichiño triste de Blur e outros seis millóns de persoas... todos estamos intentando renovar a instalación eléctrica. Intentamos, na medida das nosas minúsculas posibilidades, crear novas conexións entre as cousas. Ese é o labor dunha capital: inventar posibles futuros, e logo ofrecerllos ao resto do mundo: “Poderíamos ser así? Ou así? Poderíamos pronunciar estas palabras, ou vestir esta roupa...? Poderíamos ter xente así se quixésemos, non?”

Somos traballadores do futuro, tratando de facer que o noso futuro sexa o máis atractivo posible. Porque o segredo de todos os que veñen a Londres –dos que van a calquera gran cidade– é que o fan porque na súa casa non se sentían normais. O único xeito de que algún día se sintan normais é que se apropien da cultura popular coa súa extravagancia, que se introduzan eles mesmos no circuíto e, botando man dos eufóricos estimulantes da música, dos cadros, das palabras e da moda, fagan que de súpeto o resto do mundo debeza por ser tan extravagante coma eles. Por atopar a maneira de ser unha mellor estrela do rock ou un mellor escritor. Por conseguir que o resto do mundo queira pintar tamén as súas paredes de azul eléctrico... porque así o di unha fermosa canción. Quero facer que sucedan cousas.

Intento explicarlle todo isto a Krissi, que está sentado no sofá do meu piso, en Camden, en agosto de 1994. É difícil, polas seguintes razóns: 1) Krissi odia Londres con toda a súa alma, porque 2) Krissi adora Manchester, en cuxa universidade está estudando agora mesmo, e 3) Krissi está colocadísimo, porque 4) el e mais o meu pai levan dúas horas fumando unha bolsa enorme de pan de molde ata arriba de marihuana.

Krissi e o meu pai viñeron visitarme a Londres porque esta noite toca Oasis no Astoria, e queren velos.

En calquera outro momento sorprenderíame que ambos os dous quixesen ir ver un grupo coma Oasis: non son jazz dabondo para o meu pai, quen menta a Charlie Parker con tanta frecuencia que ata os doce anos dei por feito que era algún coñecido seu do pub (o certo é que ten nome de empregado do almacén de B&Q), e na actualidade Krissi está tan metido na súa fase de música *dance* que de cando en cando berra: “Dálle a ese baixo!”, no medio de calquera conversa que lle resulte aburrida.

Pero no outono de 1994, Gran Bretaña atópase inmersa nun amorío colectivo e homoerótico con Oasis. Son coma os malotes guais da escola dos que estás pillada malia que te traten mal... porque que guapos están mentres che zurrán. Non hai nada máis excitante ca unha cuadrilla de vaidosos que acaba de chegar á cidade cun plan, e Oasis ten un plan: “Ser o mellor grupo de rock and roll do mundo”.

O último gran grupo de rock and roll do mundo, Nirvana, desapareceu cando Kurt Cobain se empezou a sentir tan mal por mor da presión da fama que se pegou un tiro, o que sumiu o mundo nunha profunda depresión, a verdade.

En troques, aos de Oasis adóranos porque se sobreentende que non lle van volver provocar ao mundo semellante trauma. Acabáronse as vixilias baixo a chuvia, acabouse o de apagar a radio para deixar de oír malas noticias.

Este auxe do *britpop* –que colleu forza contra finais do verán de 1994– está protagonizado por grupos coa promesa tácita de ficar tan vivos como lles sexa posible. Como reacción ás frías chuvias e ás furiosas e tempestuosas cancións do *grunge* do noroeste dos Estados Unidos, tratan sobre a sinxela e leda vida en Gran Bretaña: xogar ao fútbol no parque, beber alcohol ao sol, montar en bicicleta, fumar un cigarro, comer fritadas nun bar, bailar no convite dunha voda nun club da clase traballadora, reproducir un disco novo en bucle, emborracharse un venres, colocarse un sábado, abrazar os teus amigos mentres sae o sol un domingo pola mañá. Converteron a vida cotiá nun xubileu. Recordáronnos que a vida é, por riba de todo, unha festa. Arranxaron a placa base.

E Gran Bretaña namorouse desta sinxela promesa. Celebrar o glorioso de todos os días. De súpeto respírase unha esperanza tremenda. Todas as noticias son boas: cae o muro de Berlín, liberan a Mandela e Europa do Leste sae da guerra fría e ponse ao sol. Brilla arreo o sol. Cando penso nesa época parece coma se sempre estivese solleiro, coma se sempre saísemos da casa sen abrigo, só coas chaves, cartos e tabaco. Cada semana a radio atopaba máis tesouros. Todas as fins de semana había un novo e magnífico himno que cantar.

Podías alugar un piso en Londres por 70 libras á semana, polo baixo; o café custaba 20 peniques nunha cafetaría, e os cigarros andaban a 2,52 libras o paquete de vinte. Vivir era barato. Matarte lentamente era barato. Que mellor época para ser unha moza de dezanove anos?

–*Parklife!* –di o meu pai mentres lea outro porro e se recosta no sofá.



E, sorprendentemente, podería haber mellor momento para ser un home de corenta e cinco anos? Porque o meu pai afeccionouse ao *britpop* coa estarrecedora ledicia dun cativo que esperta no medio da noite con gana de xogar.

—É coma se volvésemos aos anos sesenta —di con satisfacción mentres ve *Top of the Pops*—. O mesmo pelo, os mesmos pantalóns, os mesmos acordes. Todos llelo están ripando a Bowie, os Beatles, The Kinks, The Who. Merda da boa. Son os *mods* contra os *rockers*, unha vez máis. Eu, obviamente —engade dándolle unha calada ao porro—, sempre fun un *mocker*.

Mentira. Eu mesma vin as fotos. Era un hippy dos de toda a vida. Levaba un peiteado afro que o facía parecer un xirasol e pantalóns acampanados que debían de ser un perigo os días de ventada.

E igual que pasa cando un cativo esperta no medio da noite, converteuse nun problema. Este súbito terremoto cultural que percorre toda Gran Bretaña desatou as súas tendencias latentes. Igual que cando o rei Artur espertaba do seu sono ao toque dunha trompeta máxica, resucitaron as tendencias rockeiras do meu pai. O meu pai, que sempre foi un bebedor habitual e caótico, agora subiu de nivel ao recuperar os seus hábitos adolescentes: volve fumar maría. Empezou a mercar a prensa musical outra vez, e a anoxarse por certas cousas: “The Wonder Stuff... vaia fato de pallasos”, beiraba sacudindo o xornal. “Pensei que nos libráramos desta merda con Jethro Tull.” Ou: “The Lemonheads... as cancións están ben, pero, carallo, moito se quere a si mesmo o fulano. Xa podía ir por aí a picala un pouco”. Preguntoume se lle podía conseguir algo de éxtase: “A éxtase esa... está ben, non? Con ese nome ten que estar”, por máis que me emperrei en explicarlle que eu nunca a probara, que non tiña na casa e que xamais se me ocorrería subministrarlle a un pai cuns xenes tan predispostos á adicción.

Así e todo, o máis importante é que o meu pai comezou a rebelarse outra vez contra a autoridade. En 1994, a meirande autoridade na súa vida era a miña nai, e rebelouse contra ela ao

pedirle un préstamo ao banco para mercar un deportivo MG de segunda man co que poder “dar uns voltios”.

Levan meses rifando sobre o tema (a miña nai berra polas cotas e o meu pai contesta co inverosímil argumento de que así “mellorou” a súa solvencia crediticia), e o resultado foi inevitable: o meu pai meteuse no coche e veu nel ata aquí para ver a Oasis.

En resumo, está a vivir unha crise dos corenta, provocada polo *britpop*.

–Eiiiiii, Rastafari –di o meu pai nun espantoso acento xamaicano mentres lle dá unha calada ao porro–. Fuma unha pouca herba.

–Krissi –digo alegremente–. Ptarmigan!

“Ptarmigan” é a nosa palabra clave para “temos que reunir-nos en gabinete de crise agora mesmo”.

Ao cabo dun minuto estamos encerrados no cuarto de baño. Eu sento no bordo da bañeira e el, no retrete.

–Non me sinto cómoda con papá fumado e soltando comentarios racistas no meu salón –digo acendendo un cigarro e botando a cinsa polo desaugadoiro–. Non pago o alugueiro para isto.

–Pois eu quero que siga fumado –di Krissi, que xa está tamén bastante colocado–. Veu sobrio durante toda a viaxe, teimando unha e outra vez no moito que odia a mamá. Non che estou para hippies que non deixan de expresar as súas emocións. O racismo é moito máis fácil de levar. O racismo non o vai facer chorar. Algunha vez o viches chorar? –pregunta Krissi–. Empezou xusto nas aforas de Coventry. É algo horrible de ver nun home da súa idade. Trémelle a papada. –Krissi estarrece.

–Coitado –solidarízome con el.

–Pois si. E ademais intentou contarme o boa que é mamá na cama.

Tapo as orellas coas mans.

–Non me pases a min o teu trauma, Krissi –advírtoo–. Quero que o meu cerebro se manteña libre da sexualidade dos meus pais.